

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

EXTRACTO da Orde do 12 de xullo de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a adquisición de bicicletas con pedaleo asistido, en réxime de concorrència non competitiva, así como para a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se convoca para a anualidade 2022 (códigos de procedemento IF319A e IF319B).

BDNS (Identif.): 638893.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. Beneficiarios

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións as persoas físicas maiores de idade que realicen a actuación subvencionable establecida no artigo 3 desta orde e estean empadroadas nun municipio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Non poderán ter a condición de beneficiarias as persoas en que concorra algunha das circunstancias previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Os requisitos para obter a condición de persoa beneficiaria deberanse cumprir, como moi tarde, na data límite de final do prazo de presentación de solicitudes.

Segundo. Obxecto

Esta orde ten por obxecto:

1. Establecer as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a adquisición de bicicletas con pedaleo asistido, en réxime de concorrència non competitiva (código de procedemento IF319B), así como para a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión (código de procedemento IF319A) e convocalas para a anualidade 2022.

CVE-DOG: 7h3wld8-d777-2lw7-d7v8-audpte3vvrq8



2. Aprobar os formularios normalizados para a xestión da convocatoria do ano 2022 que que figuran como anexos a esta orde:

- Anexo I. Solicitud de adhesión pola entidade colaboradora.
- Anexo II. Solicitud de axuda.
- Anexo III. Autorización para a representación.
- Anexo IV. Solicitud de pagamento.

3. Publicar o convenio de colaboración para a xestión das axudas para a adquisición de bicicletas con pedaleo asistido, ao cal deben adherirse as entidades colaboradoras (anexo V).

Terceiro. *Bases reguladoras*

Publícanse conxuntamente coa convocatoria.

Cuarto. *Financiamento*

1. As subvencións que se concedan financiaranse con cargo aos orzamentos da Dirección Xeral de Mobilidade para o exercicio 2022 e imputaranse a aplicación orzamentaria 09.02.512A.780.0.

O importe total asignado a esta convocatoria ascende a cincocentos mil euros (500.000,00 €).

2. O importe dos fondos previstos poderá ampliarse como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria derivada dalgunha das circunstancias previstas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e, se é o caso, logo de aprobación da modificación orzamentaria que proceda. Isto podería dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa orde de prelación das solicitudes que resulte da aplicación dos criterios fixados nas bases que rexen a convocatoria.

De producirse a ampliación de crédito publicárase no DOG e na páxina web da Dirección Xeral de Mobilidade (<https://ebici.xunta.gal>), sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo para resolver.

CVE-DOG: 7h3wld8-d777-2lw7-d7v8-audpte3vvrq8



Quinto. *Contía*

Na seguinte táboa establece a axuda máxima por bicicleta de pedais nova con pedaleo asistido. Cada beneficiario só poderá recibir unha axuda pola adquisición dunha única bicicleta con pedaleo asistido.

Bicicletas subvencionables	Subvención máxima (€/bicicleta)		
	Beneficiario/a xeral	Beneficiario/a integrante dunha familia numerosa	Beneficiario/a integrante familia numerosa con categoría especial
Bicicleta con pedaleo asistido que cumpra os requisitos técnicos e de equipamento establecidos no artigo 3 desta orde	500	600	700

A cantidade da subvención non poderá ser superior ao 50 % do prezo da bicicleta con pedaleo asistido para un beneficiario/a xeral, do 60 % para beneficiarios/as integrantes dunha familia numerosa e do 70 % para beneficiarios/as integrantes dunha familia numerosa con categoría especial.

Para os efectos desta convocatoria considéranse beneficiarios/as integrantes de familia numerosa, aqueles que cumpran os requisitos establecidos na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Sexto. *Forma e prazo de presentación de solicitudes*

1. A tramitación do procedemento de solicitude de axuda (Código de procedemento IF319B) realizarase a través dalgunha das entidades colaboradoras adheridas que figuren na listaxe que se publique na páxina web da Dirección Xeral de Mobilidade, <https://ebici.xunta.gal>.

2. As entidades colaboradoras presentarán as solicitudes de axuda por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo II), accedendo desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>), ou, directamente, na url: <https://ebici.xunta.gal>.

3. O prazo de presentación de solicitudes de axuda comezará o 1 de agosto de 2022, ás 10.00 horas, e finalizará o 15 de novembro de 2022 ou cando se esgoten os fondos.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2022

Ethel M^a Vázquez Mourelle
Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade

CVE-DOG: 7h3wld8-d777-2lw7-d7v8-audpte3vvrq8

